

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TORDOIA

Decreto de nomeamento de membros de Xunta de Goberno Local

ANUNCIO

DECRETO NOMEAMENTO DE MEMBROS DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A alcaldía, con data 08/09/2020, ditou o DECRETO n.º 248/2020, que literalmente se transcribe:

“Tras a vacante producida pola renuncia dun Concelleiro e de conformidade coas atribucións que me confiren os artigos 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 43, 46 e 52 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, RESOLVO:

Primeiro.–Nomear como membros da Xunta de Goberno Local, presidida polo señor alcalde aos seguintes concelleiros:

- D. Óscar Liñares Casal
- D.ª María del Mar García González
- D. Alfonso Vázquez Becerra

Segundo.–Establecer as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local que terán lugar o segundo e cuarto xoves, non festivo, de cada mes as 13.00 horas, sen prexuízo de posibilidade de variación motivada.

Terceiro.–Notificar persoalmente as presentes resolucións aos designados, que se considerará aceptada tácitamente, salvo manifestación expresa; e remitir a resolución do nomeamento ao Boletín Oficial da Provincia, para a súa publicación no mesmo. Igualmente publicar a resolución no taboleiro de anuncios deste Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte da sinatura da presente resolución.

Cuarto.–A Xunta de Goberno Local, cuxa competencia básica é prestar asistencia e asesoramento a esta Alcaldía no exercicio das súas atribucións, ostentará, por delegación da mesma, as competencias seguintes:

- A concesión e transmisión de autorizacións de apertura de establecementos.
- Recoñecemento e eficacia en comunicacións previas de obras.
- Declaración, de interese xeral de construcións e instalacións e emprazar en solo rústico.
- Concesión, transmisión ou modificación de autorización de auto-taxi e demais vehículos de aluguer, así como declaración de caducidade das mesmas.
- Aprobación de facturas de importe igual ou superior a 1.200,00 €.
- Estudio de subvencións.
- Sancionar as faltas de desobediencia a súa autoridade ou por infracción das ordenanzas municipais, salvo nos casos en que tal facultade esté atribuída a outros órganos.
- O outorgamento das licenzas, salvo que por leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local.

Quinto.–A delegación comprende tanto as facultades de dirección como a xestión de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Sexto.–Dar conta deste acordo a Xunta de Goberno Local e ao Pleno na primeira sesión que teña lugar.

Mándao e asínao o señor alcalde en Tordoia a oito de setembro de dous mil vinte.

O alcalde,

Eduardo Antonio Pereiro Liñares”.

Tordoia, a 14 de setembro de 2020.

O alcalde

E. Antonio Pereiro Liñares